


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

22 – 23 de agosto do 2020

XXI DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

*Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para celebrar a fe en familia, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A todos nós gústanos presumir de que temos amigos importantes e tratamos con eles. Pero moitas veces simplemente son coñecidos, non temos a intimidade necesaria para dicir que son verdadeiros amigos.

Xesús hoxe pregúntalle aos discípulos e a nós: quen son eu?. É unha pregunta importante, xa que na resposta a ela comprenderemos o grado de intimidade e amizade que temos con El.

Para moita xente Xesús é un personaxe histórico, para outras foi alguén que pasou facendo ben ou ensinando unha nova forma de vida. Para algúns é unha imaxe, un tótem ao que outros adoran.

Quen é Xesús para nós?

Temos a oportunidade de encontrarnos con El nesta celebración e dicirlle o que realmente representa na nosa vida, e, como Amigos, compartir a súa mesa e sentir a súa proximidade.

## ACTO PENITENCIAL E COMPROMISOS

**Celebrante:** *Xesús pídenos unha resposta, pero nós, moitas veces esquivamos a responsabilidade de ser as súas testemuñas cos nosos ditos e os nosos feitos, por iso hoxe pedimos perdón e comprometémonos:*

**Monitor/a**

➤ **Comprometémonos con Xesús a vivir escoitando os seus consellos?**

**SÍ, COMPROMETÉMONOS**

➤ **Comprometémonos con Xesús a vivir facendo realidade os seus feitos?**

**SÍ, COMPROMETÉMONOS**

➤ **Comprometémonos a vivir sendo exemplo para os demais, testemuñando na vida de cada día o seguimento de Xesús?**

**SÍ, COMPROMETÉMONOS**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Neste momento en que rematamos a primeira parte da celebración confiamos nas mans de Deus Pai a nosa oración e pedimos acercarnos máis a Xesús dando resposta coa nosa vida á súa chamada de amizade.*

*(silenzo)*

Deus, Noso Pai, Ti, que es capaz de acordar as vontades dos teus fieis, concédenos, á túa familia, amar o que nos mandas e desexar o que nos prometes. Fai que, no medio dos cambios deste mundo, os nosos corazóns permanezan firmes alí onde se atopa a felicidade verdadeira.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, noso Señor. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)**

**Celebrante:** *Xesús pregunta aos máis próximos que pensan eles sobre a súa persoa. Hoxe tamén quere preguntarnos a nós o mesmo.*

*Que resposta temos neste momento a esta pregunta? Estamos dispostos, como Pedro, a responder con sinceridade e con feitos? Ou seguiremos sendo cómodos e deixaremos pasar a oportunidade de comprometernos con El?.*

Leccionario I A páx 241 **Is 22,19-23**

**LECTURA**

## LECTURA DO PROFETA ISAÍAS

Dille o Señor a Sobne responsable do templo:

Chimpareite do teu posto encumiado, botareite abaixo do teu pedestal. Sucederá no día aquel, que chamarei ao meu servo, Eliaquim, fillo de Hilquías.

Farei que vista a túa túnica, e fortalecereino co teu cinguidor e porei na súa man o teu posto de mando: será un pai para os habitantes de Xerusalén e para a casa de Xudá. Porei a chave da casa de David sobre o seu ombreiro: abrirá, e non haberá quen feche; e fechará, e non haberá quen abra. Cravarei a caravilla da súa tenda nun lugar seguro, e será trono de gloria para a casa de seu pai.

### Palabra do Señor

♪ nº 41 *Quen nos vai separar de ti*

SALMO

(en pé) *Leccionario I A páx 243 Mt 16,13-20 EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, cando chegou á comarca de Cesarea de Filipo preguntoulles Xesús aos seus discípulos:

- Quen di a xente que é o Fillo do Home?

Eles responderon:

- Uns, que Xoán Bautista; outros, que Elías; outros, que Xeremías ou algún dos profetas.

Insistiu:

- E vós, quen dicides que son?

Respondeu Simón Pedro:

- Ti es o Mesías, o Fillo do Deus vivo.

E Xesús contestoulle:

- Ditoso ti, Simón, fillo de Xonás; porque iso non cho revelou ninguén de carne e sangue, senón meu Pai que está no ceo. E eu asegúroche que ti es Pedro, a pedra; e sobre esta pedra vou edificar a miña Igrexa; e as portas do Inferno non prevalecerán en contra dela. Dareiche as chaves do Reino dos Ceos: todo o que ates na terra, ficará atado nos ceos; e todo o que desates na terra, ficará desatado nos ceos.

E mandoulles ós discípulos que non dixesen nada de que el era o Mesías.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** *Neste encontro familiar, deixádonos guiar pola luz da fe, queremos dar unha resposta clara á pregunta que hoxe nos fai Xesús no evanxeo e ser coherentes con ela:*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

### ***Monitor/a***

***Credes en Deus, no Deus que é Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe e que nos ama, e que nos convida a camiñar dando razóns da nosa fe no vivir de cada día?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, e que nos convida a dar resposta da nosa fe ante os demais?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes no Espírito Santo, que enche de folgos o noso corazón para testemuñar con feitos de vida o evanxeo de Xesús?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes na igrexa, comunidade de fe, que día a día medra como familia facendo realidade os carismas evanxélicos de Xesús na vida dos seus fillos?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Movidos pola fe, hoxe queremos rezar polas familias que non atopan respostas en tantas circunstancias da súa vida, e facémolo dicindo:*

**Señor, escóitanos aos teus amigos**

### ***Monitor/a***

- ✓ ***Pedimos polas persoas que non atopan respostas na súa vida, que camiñan sen saber por onde nin cara onde se dirixen os seus pasos, oremos***
- ✓ ***Pedimos polos gobernantes, para que non se deixen levar pola avaricia dos cartos, e non dubiden en loitar pola dignidade das persoas, oremos***
- ✓ ***Pedimos pola Igrexa, para que no seu compromiso polas persoas, saiba poñer gañas de vivir en tantas situacións de dor, de necesidade, de desalento, oremos***
- ✓ ***Polos amigos, os que de verdade nos coñecen, os que están á nosa beira nas alegrías e nas penas, oremos***
- ✓ ***Por nós, para que nestes tempos de pandemia, sexamos responsables e coherentes coa nosa fe dando exemplos para o coidado da nosa saúde e da de todos cos que tratamos, oremos***

**Celebrante:** *Grazas Señor porque sabemos que sempre acolles as nosas preocupacións e desexos se chos pedimos con fe a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*



### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Xesús móstranos como temos que dialogar co Pai Deus. Que así deamos resposta a súa pregunta de quen é El para nós. Digamos:*

*NOSO PAI ...*

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Non pode haber paz nunha sociedade que exclúe o diálogo e o trato digno cos outros. Que na nosa vida familiar esteamos sempre abertos á amizade e ao trato persoal para facernos transmisores de evanxeo para todos.*

#### NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

**Celebrante:** *Xesús acóllenos hoxe a todos á súa beira e pregúntanos se de verdade somos os seus amigos e testemuñas.*

*Ditosos nós que, coma fogar, hoxe fomos chamados a dialogar con El e a comprometernos para facer realidade o seu Reino xa aquí.*

 **Acharte presente na vida**

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Oremos:

Señor, leva á súa plenitude en nós a obra da túa misericordia.

Que o teu amor nos faga fortes e xenerosos para que che poidamos agradar en todo.

Grazas polo exemplo que nos dás en Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén.

*Xesús espera a nosa resposta dando exemplo del nas palabras sinceras e acolledoras da nosa vida familiar, e espera que deamos exemplo del nos feitos coherentes e responsables do noso camiñar.*

*Que a celebración que agora rematamos nos dea azos para vivir dende o diálogo, a tolerancia e o respecto con quen pensa, vive e cree diferente. Fagámolo dende o noso fogar coa responsabilidade persoal que a pandemia nos está esixindo.*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

# Quen dis que é Xesús?

Elixo a túa resposta



Un Pobre



un enfermo



un famento



unha maltratada



O Fillo de Deus



un estranxeiro



A eucaristía



un encadeado

Solución: Todas as respostas son correctas



“Preguntoulles Xesús aos seus discípulos:

- Quen di a xente que é o Fillo do Home?

Eles responderon:

- Uns, que Xoán Bautista; outros, que Elías; outros, que Xeremías ou algún dos profetas.

Insistiu:

- E vós, quen dicides que son?”.

*Palabras do evanxeo de hoxe*